



CAMIÑADAS CON MARÍA VICTORIA MORENO
Fina Casalderrey e Ana Acuña

CAMIÑADAS CON MARÍA VICTORIA MORENO

Fina Casalderrey e Ana Acuña

María V Moreno

— ANO

MARÍA VICTORIA

PONTEVEDRA **2018 MORENO**

Autoras do texto: Fina Casalderrey Fraga e Ana Acuña Trabazo

Ilustracións, deseño e maquetación: Ana Seoane

Impresión: Gráficas Anduriña

Edita: Concello de Pontevedra. SNL

Depósito legal: PO 168-2018



CAMIÑADAS CON MARÍA VICTORIA MORENO

Fina Casalderrey e Ana Acuña¹

Índice	
Introdución	7
María Victoria Moreno e a súa época: unha luz na noite	8
Itinerarios pola Pontevedra de María Victoria Moreno:	
- Itinerario I (recomendado)	11
- Itinerario II (reducido)	35
- Itinerario III (ampliado)	37
Anexos:	
- Selección de datas relevantes para a historia e para a protagonista destas camiñadas	38
Bibliografía	40

1 Fina Casalderrey (RAG) e Ana Acuña (Universidade de Vigo) desexan deixar constancia do seu agradecemento ás seguintes persoas e institucións que nos regalaron o seu tempo e saber: Begoña Llácer Moreno, Pedro Ferriol Suárez, Tito e Nenuca da Librería Seijas, a memoria de María Victoria, sempre; Chema Gil, os contactos; o Servizo de Normalización Lingüística do Concello de Pontevedra, as lecturas; o Arquivo Gráfico do Museo de Pontevedra, o Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra, a Cartoteca Domingo Fontán da Deputación de Pontevedra, o Arquivo Municipal de Pontevedra, o IES Torrente Ballester e a Biblioteca Provincial de Pontevedra, as imaxes da Pontevedra que foi.

Se hai unha protagonista absoluta neste ano en Pontevedra, ela é María Victoria Moreno. E non só por dedicarlle a nosa gran festa literaria, senón sobre todo por ter a oportunidade, ampliada pola enorme visibilidade que lle dá a Real Academia Galega, de situala no lugar que debe ocupar dentro da cultura galega.

Moreno é todo un exemplo de integración na nosa vida colectiva, de compromiso, de ecoloxía cultural. Un chegar e identificarse coas substancias máis doces do noso país: a súa lingua e a súa literatura.

Un exemplo de entrega ás letras galegas dunha estremeña de nacemento que vén demostrar a tantos fillos desleigados de Galiza que a nosa lingua é valiosa non xa para seguir o normal desenvolvemento xeracional, senón tamén para ser adoptada por persoas cultivadas que, nacendo castelán falantes normalízanse en galego sen drama ningún.

A súa produción literaria propia, as súas traducións, a súa docencia, o seu polígrafo labor cultural, son chanzos dunha vida entregada á supervivencia cultural de Galiza a través dun labor abnegado e teimudo: ensinar, prender a luz aínda nun escenario de tebras como o último terzo do franquismo, remar a prol do desenvolvemento humano e cultural das xentes da súa cidade, do seu contorno.

Grazas a MVM, que proseguiu o intenso labor de Bóveda e Castelao, e de moitos outros referentes da Galiza máis lúcida, somos un pouco mellores, un pouco máis entregados ás grandes causas da recuperación cultural do país.


Con este roteiro guiado por outras dúas xigantes personalidades da nosa cultura, rendimos a María Victoria un tributo de homenaxe e identificación coa cidade que tan orgullosa se sente de tela tido como veciña, mestra. Agora é centro destes tres paseos estupendos pola cidade que sempre a terá no seu retablo de veciñas ilustres.

Miguel Anxo Fernández Lores

Alcalde de Pontevedra



Introdución



O roteiro María Victoria Moreno permitiralle ao visitante comprobar como foi medrando Pontevedra, pois está concibido para percorrer a cidade, saíndo dende un dos círculos de crecemento (avenida de Vigo) e rematando na parte vella. O percorrido rodea de fóra a dentro (extra a intramuros) a vila, como se esta fose unha prolongación da traxectoria vital da autora que tamén se aproximou a Pontevedra e á cultura galega dende as marxes, dende fóra das nosas fronteiras administrativas.

A chegada de María Victoria Moreno a Pontevedra cadra con algunhas importantes transformacións na cidade como a construción das vivendas no polígono de Campolongo, o soterramento do río Gafos² e a desaparición dalgúns edificios a el vinculados (pontes, muíños, lavadoiros...). Tendo en conta o anterior, propoñemos un percorrido relacionado co río Gafos, co polígono Campolongo, co traslado do pazo dos Leis a Madrid e da antiga estación a un lugar moderno, e co mar da ría de Pontevedra. Un itinerario que lle dará visibilidade ao río e a novas zonas da cidade que se citan na obra de María Victoria Moreno ou que estiveron presentes na súa biografía.

² O río é coñecido por outros nomes en función das freguesías polas que circula. Calros Solla ofrécenos unha listaxe localizada desas denominacións no interesante “mapa do río dos Gafos” que acompaña o seu libro *Andar primeiro de río. Inmateriais do río dos Gafos. Toponimia, fraseoloxía, cantígueiro, refraneiro e adiviñanceiro do río* (2009).

María Victoria Moreno e a súa época: unha luz na noite



A vida de María Victoria Moreno está marcada polo seu nacemento no final da Guerra Civil (1 de maio de 1939), a súa nenez durante a posguerra e a mocidade nun tempo de ditadura. Ela mesma escribiu, en terceira persoa, a propósito do seu facerse consciente do momento histórico:

Alí [Madrid] descubriu que os tempos de pobreza familiar, determinados pola morte prematura do pai, non eran circunstancia exclusiva da súa familia, senón o mal xeneralizado nun país destruído pola guerra e reprimido por unha ditadura. Sentiuse unha privilexiada e espertou nela o compromiso de compartir cos demais o único que tiña de seu, o que aprendera ata daquela. Por iso, polas tardes, ía a Entrevías dar clase de Francés. (Moreno 1992: 49)³

Ao pouco de rematar os seus estudos na Universidad Central de Madrid (actual Complutense), esta cacereña de nacemento, axiña fará realidade o seu soño –dende 1960– de vir a Pontevedra (Moreno 1994: 108) e chegará a esta cidade en 1963. A pesar da longa noite de pedra, os dous anos de docencia no Instituto Masculino de Lugo (e o encontro co profesor Xesús Alonso Montero) decidiron o seu compromiso coa realidade lingüística galega. De novo en terceira persoa explica a decisión:

María Victoria díxose: «Esta é a túa alternativa: ou traballas para Galicia, e iso faise en galego, ou volves á meseta.» E quedou en Galicia, onde espera ser enterrada de maneira cristiá cando lle chegue o seu día. (Moreno 1992: 50)⁴

A actitude de compromiso coa lingua galega será claramente mantida durante uns anos nos que o noso idioma non contaba con valedores legais⁵. Desta forma se pronunciaba María Victoria Moreno na prensa da época: “Si estou coa xente que amasa o meu pan e mais colle no mar os peixes da miña mesa, tamén quero falar con eles, falar a súa fala” (El Progreso 15/04/1974).

3 Tradución das autoras deste itinerario.

4 Tradución das autoras deste itinerario.

5 Aconsellamos a consulta do anexo relativo ao ano 1983 (aprobación da Lei de normalización lingüística).

En toda Galicia o labor das entidades de resistencia cultural fronte á ditadura será clave para a continuidade do legado esgazado coa Guerra Civil. No sentir de Ramón Villares (2012: 8):

Foron os primeiros pasos para unha necesaria regaleguización, plasmados nos cursos de lingua galega, nos ciclos sobre historia de Galicia ou nas conferencias e coloquios dedicados a reflexionar, argumentar e debater sobre o teatro, o espallamento da obra literaria, o achegamento ao cinema e á música... Iniciativas e actividades que crearon novas redes de comunicación e abriron, así mesmo, relacións e espazos aos contidos culturais nos medios de comunicación, a saber, na prensa impresa e na radiodifusión, pois daquela a televisión aínda ficaba lonxe.



Precisamente María Victoria Moreno impartirá conferencias e clases de galego “semiclandestinas” a través da Asociación de Amigos da Cultura de Pontevedra ou do Ateneo de Ourense (e que lle valeron a retirada do pasaporte). A propósito do asociacionismo en Pontevedra, este tivo unha data clave en 1963 co grupo Os Novos e completouse en 1965 co Ateneo de Pontevedra e 1968 con Amigos da Cultura. Este resumo, que figura no catálogo da exposición *Un canto e unha luz na noite. Asociacionismo cultural en Galicia (1961-1975)*, é abondo ilustrativo:

un grupo de mozos, capitaneados por Xosé Luís Fontenla e Tino Caamaño querían ocupar o espazo da cultura co lanzamento dos Novos. Aínda que non pasou a peneira da legalización, este grupo de ascendencia católica realizou actividades de certa relevancia e creou un tecido preocupado pola cultura galega. Apoiado polo alcalde Filgueira e por Torrente Ballester, Alfonso Zulueta e Isidoro Millán puxeron en marcha o Ateneo de Pontevedra (1965), aglutinando o cineclubismo, Os Novos e figuras da intelectualidade local de pouso republicano. Durante dous anos elaboraron unha programación cultural de moita calidade e mantiveron un pulso co franquismo, que “perderon”, aínda que quedou de manifesto a súa dignidade de actitude democrática.

En 1968, Os Novos crearon a duradeira marca Amigos da Cultura, que foi presidida por Tuco Cerviño, Barral Andrade e Baltar Feijóo. (Gurriarán 2012: 160)



Tamén neses anos (1973-1976), María Victoria Moreno (con oito socios) fundou na cidade do Lárez a librería Xuntanza, espazo que permitiu que a cultura fose accesible para calquera persoa, mesmo os libros que só se podían editar no exilio.

Coa chegada da Autonomía en 1981 e cando o galego tivo estatuto legal, María Victoria Moreno impartiu cursos de literatura galega para o profesorado. Ela mesma comezara a formar parte do sistema literario galego como escritora de literatura infantil e xuvenil en 1973 coa publicación de *Mar adiante*, un fito para a literatura galega á que nunca abandonou, ben como autora, ben como directora da colección Árbore (da editorial Galaxia). Ademais de autora, María Victoria Moreno, creou poetas, converteuse en antóloga con *Os novísimos da poesía galega* (1973) e en tradutora (do catalán para o galego, do galego para o castelán e mesmo ao sistema braille).

O prologuista da obra *Mar adiante*, e compañeiro dos anos do Instituto Masculino de Lugo, indicou que María Victoria Moreno

Na nosa terra fixo poetas e fíxose ela mesma poeta; na nosa terra aprendeu, co agarimo afervoadado que ela pon en tódalas cousas, este noso idioma tan aqueloutrado. Discípula conmovida do país, ó pouco tempo vai ser mestra de xentes do país, pero mestra da materia máis sutil que un país pode forxar: a Fala. (Alonso Montero 1991: 5)

En efecto, a gran paixón de María Victoria Moreno foi o ensino ata asegurar que o seu corazón florecía nas aulas e neste eido elaborou material docente, tanto manuais (*Verso e prosa e As linguas de España*, os dous de 1991) como libros de texto (*Literatura [galega]. Século XX*, para COU [1985], *Literatura [galega] para 3º de BUP* [1987] en colaboración con Xesús Rábade Paredes e Luis Alonso Girgado).

Grazas aos seus traballos e aos seus días, con proxectos únicos para o país, María Victoria Moreno sementou “para o futuro, pensando nos que veñen detrás e soñando para eles un mundo mellor do que me cadrou a min” (Moreno 2004: 199).

ITINERARIOS POLA PONTEVEDRA DE MARÍA VICTORIA MORENO

Itinerario I (recomendado)

1

Ponte da avenida de Vigo

O noso punto de encontro é a ponte da avenida de Vigo, ponte inaugurada o mércores 22 de marzo de 2006 e que serve como homenaxe póstuma a María Victoria Moreno. Naquela inauguración participou alumnado do IES A Xunqueira II e do IES Valle Inclán, xunto coas asociacións Máis Libros e Maio Longo.

Como se pode ler, a ofrenda máis duradeira é a gravación na mesma ponte da frase do libro *Anagnórise*: “as persoas estamos feitas para levar a cabo os proxectos máis fermosos” (Moreno 1988: 7). Esa frase cumpriuse en María Victoria Moreno, pois, como intentaremos mostrar neste roteiro, converteu en realidade grandes proxectos para o país. Con todo, ela foi consciente dos seus límites tal e como mostra esta autodefinición escrita do seu diario da enfermidade (Moreno 2004: 16):

¿Quen son? Son unha muller coma tantas outras, moi importante na casa mentres tiñen unha familia grande ó meu coidado: cociño ben, son limpa, gústame e orde... Son cousas que se aprecian na convivencia cotiá. Xa na miña vila, que é pequena, son soamente unha señora que pasea polas rúas con dous cans preciosos, recolle as cacas e fala con todos os nenos. En Galicia son unha escritora que escribe pouco (pero moi ben segundo os que saben ler), que se deixa ver con contagotas e que ten a súa lenda. En círculos máis amplos non son ningún e, xa no conxunto do universo, nada: nin corpo, nin palabra, nin faísca de luz.

A vida de María Victoria Moreno, dende que en 1963 chegou a Galicia, foi unha historia de compromiso coa lingua, coa nosa cultura e coa xente moza. Nas actas dun congreso sobre escritores alófonos en lingua galega (Moreno 1994: 108), a nosa protagonista afirma o seu amor polo noso idioma (sen ser este a súa lingua inicial):


o que practico é unha amorosa autofonía: a lingua de Galicia, desde hai moitos anos (...) é a lingua de meu (...) A miña relación con Galicia e a miña opción pola súa lingua é simplemente unha historia de amor, na que non falta ese compoñente de sufrimento que é consubstancial a tódalas historias de amor.

A través deste compromiso lingüístico e literario, María Victoria Moreno foi consciente do valor reparador dos seus libros e con eles propónse afastarnos da realidade que nos abafa para poñernos en contacto coa natureza e cos seres vivos.


Volviendo ao noso roteiro, se seguimos ata o final da avenida de Vigo, aproximáramonos ao IES Torrente Ballester, último instituto no que María Victoria Moreno impartiu docencia. Mentres o seu aspecto físico e as forzas non a abandonaron definitivamente, seguiu dando clases neste centro que tanto amou e ao que lle doou a súa biblioteca (incluída a súa colección de Quixotes). Na presentación de *Guedellas de seda e liño* (Faro de Vigo, 29/01/2000) chegou a afirmar que Pontevedra será perfecta cando mande nela o seu alumnado.

2. Varios edificios da avenida de Vigo: Librería Seijas e derradeira vivenda de María Victoria Moreno

A avenida de Vigo sae dende a rúa Peregrina e chega ata o arranque da estrada que leva a Vigo. O nome foi dado en 1949 (o 28 de outubro de 1949 durante a alcaldía de Calixto González-Posada Rodríguez) e correspóndese coa súa dirección cara á cidade olívica.



María Victoria Moreno sempre viviu nesta rúa, pero en distintos números: nun ático do número 45, nun 5º piso do número 13 e nun 3º piso do número 15. Con todo, non podemos esquecer que a nosa protagonista nacera en Cáceres, vivira en Badaxoz e Segovia por traslado no traballo do seu pai, estudara o bacharelato en Barcelona como interna por motivos económicos (trala morte paterna) e a carreira de Filoloxía Románica en Madrid. Tralo seu casamento en 1963, fixou a súa residencia definitiva en Pontevedra.



Quizais todas as mudanzas influísen en que, unha vez que chegou a Galicia decidise botar raíces: quedar de por vida e permitir que Galicia quedase nela. A primeira imaxe que tivo de Pontevedra, procedente de Madrid, foi dende Redondela:

E cheguei a Redondela unha mañá bretemosa de agosto, aluguei un ático orientado ó solpor e descubrín que Pontevedra, onde a terra ule a ceo cando chove, era unha vila insolitamente fermosa, insolitamente húmida e insolitamente inaccesible ós meus ollos, afeitos á serra do Guadarrama e á Cidade Universitaria de Madrid. (Moreno 1994: 108-109)



Na avenida de Vigo tiña grandes amigos e veciños que a acompañaron ao longo da súa vida en Galicia: os Titos, a Librería Seijas, Lola a do bar... Para os amigos e os familiares organizaba festas con calquera excusa, aínda que o verdadeiro motivo era xuntarse e compartir. A importancia dos afectos queda plasmada no seu diario (Moreno 2004: 93):

[¿Que deixo detrás miña?] Gustaríame dicir que deixo un ronsel de amor, un bo exemplo e un libro que descubra algo a quen o lea. Mais entre gustos non hai disputas... Quero dicir que cada un está no seu dereito de deixar aquilo que máis lle preste.

Durante dous anos, malia residir en Pontevedra, tiña que pasar a semana en Lugo onde desenvolvía o seu labor docente. Os anos lugueses foron tan importantes que María Victoria denominou algúns recunchos da súa casa onde tiña plantas como “veiga de Lugo” e “veiga de Pontevedra”.

Como testemuñou no seu diario da enfermidade, gustaba de ter a casa limpa e que arrecendese, por iso durante moito tempo abandonou a escrita polas tarteiras. De feito escribía na cociña e só máis tarde ocupou o despacho.

O outono é longo e doce en Pontevedra... Cando pasan as Peregrinas comezan a toldarse os ceos, a refrescar moito as tardes, a demorarse os amenceres... Mais non digades que é triste o outono, non digades que é feo. O outono, polo menos en Galicia, é apraciblemente saudoso. Lonxe da primavera, que ten alas de bolboreta, e do verán, que cheira a suor e a fritada de baiuca, o outono trae músicas de alén mar e fragancias de terra madura. A min invítame a voar por esas terras misteriosas de onde veñen os furacáns e, á vez, invítame a estar na casa, entre os meus tesouros familiares e humildes: as tarteiras, a roupa perfumada dos armarios, os libros que a gardan en silencio...

Tamén me invita a percorrer as estancias interiores onde residen os sonhos e os medos, ou sexa, os recunchos da miña alma. (Moreno 2004: 65)

Ademais das dificultades dos primeiros anos nos que tiña que desprazarse longas distancias para ensinar (Lugo, Vilalonga...) cunhas estradas en nada comparables ás de hoxe, durante décadas María Victoria tivo unha familia numerosa na que convivían tres xeracións humanas (nai, compañeiro, fillo e filla) e os seus cans, que requirían dos seus coidados.

Naqueles tempos pasados arelaba horas de lecer porque non as tiña e arelaba así mesmo momentos de soidade para a lectura e a reflexión porque as tarteiras, as lavadoras, o ferro de pasar e o supermercado ocupábanme mesmo o tempo que debía adicar ó sono e ó descanso. (Moreno 2004: 69)



3. San Pedro Alcántara e Iglesias Vilarelle: Campolongo e o río Gafos

San Pedro Alcántara, situada entre a avenida de Vigo e Alcalde Hevia, recibiu o nome en 1950, ao abrirse esta rúa. Andando os anos, por ela baixaba e subía María Victoria Moreno cando paseaba os seus cans e cadelas.

Nas memorias da enfermidade, tituladas *Diario da luz e da sombra*, explica que o que non faría coas persoas non o facía cos animais (só había unha cousa que lles daba e que non lle daría a unha persoa: os libros moi malos). Desas memorias da doenza extráese o seguinte fragmento no que a nosa protagonista, volvendo dun paseo coa cadela Alma, queda sen folgos:

Onte viñamos ela e mais eu por San Pedro Alcántara, que é unha rúa moi costenta, e eu subía con dificultade, sobre todo pola falta de forza nas pernas e por unha sequidade amarga na boca que me facía desagradable ata o aire que respiraba.

Xa contra a fin da costa había un fato de rapazolos, deses que teñen as pernas moi longas, fan moito ruído e son moi golfos. Alma foise para eles, confiada e coqueta. Eu seguina e achegueime ó grupo simplemente porque era o que ela quería. Ó chegar, coa miña boca amarga e seca e o meu aspecto de defunta, tiveron unha especie de visión celestial: un dos cativos, de delgadeza extrema e ollos docísimos, estaba a comer unha mandarina preciosa, grande, aromática, zumenta...

-¿Quere?- preguntoume con xesto á vez tenro e rebuldeiro.

Eu acepteille un cacho e deille as grazas, aínda que, de seguro, non atopei as palabras xustas para que ese cachorro da miña especie entendese o ben que me fixera, tanto co seu xesto coma coa fragante frescura que a mandarina puxo na miña boca. (...)

É que hai cousas nesta vida que son, de vez, boas para o corpo e para a alma e así foi aquel cachiño de mandarina que me axudou a rematar a costa de San Pedro Alcántara coa boca fresca e a alma chea dunha luz tenra e rebuldeira, coma os ollos daquel cativo mangallón e fermosísimo.

E pensar que algunhas persoas da miña idade teñen medo desta xentiña... (Moreno 2004: 34-35)

Ata Campolongo e o Gafos ía con frecuencia María Victoria Moreno cos seus cans para camiñar e conversar con outros cachorros, tanto caninos como humanos. Cando falaba dos seus “cachorros” non se refería tan só a eses cadelos nos que verteu gran parte dos seus afectos, tamén se refería a aqueloutros “da súa especie” aos que lles entregou unha parte importante da súa vida e polos que sentía verdadeira devoción.

Entre os seus cachorros non humanos debemos citar a Pelusa (o primeiro), María Nicolasa (Nica, emparentada cun pastor alemán), Alma (unha das súas cadelas máis queridas de raza téckel e pelo escuro). Despois tivo outra cadela que semellaba unha “fotocopia” de Alma, que se chamou de igual maneira e que tamén contribuíu a aledarlle os días (con ela sae na portada de *Diario da luz e da sombra*). Catro anos despois quixo que Alma tivese un compañeiro de xoños, Nicolás (cun nome “repetido”, o de Nica). Eles e elas desfilan pola literatura de María Victoria con nomes reais ou froito da súa imaxinación (*¿E haberá tirón de orellas?; ¿Un cachiño de bica?; Can branco, can negro; ¡Xa non teño medo!; Leonardo e os fontaneiros; Pimpa das gaivotas...*). Poderíamos dicir que en moitas das súas historias, ben sexan para a infancia ou para maiores, aparecen cans e onde non aparecen de maneira explícita, fai unha afervoadada denuncia dos tratos vexatorios.

Mentres camiñamos pola rúa Iglesias Vilarelle, insigne músico⁶ e dinamizador en tantos eidos do saber como membro do Seminario de Estudos Galegos, recordamos que desde este punto se albiscan dous espazos importantes para o roteiro pola Pontevedra de María Victoria Moreno. En primeiro lugar, a rúa bautizada co nome de María Victoria Moreno (ata 2018 era a rúa Fernández Ladreda), e, en segundo lugar, o colexio Santiago Apóstol da ONCE (antes colexio dos maristas) onde traballou como director o primeiro compañeiro de María Victoria, José Luis Llácer Zarzoso.

José Luis e María Victoria coñecéranse nos tempos de estudantes na facultade da Universidad Central de Madrid, casaron en xullo de 1963 e nese ano trasladáronse a Pontevedra. A nosa protagonista estudou Filoloxía Románica con profesores como Rafael Lapesa e Dámaso Alonso que deixaron unha fonda pegada nesta alumna avantaxada e, quizais, segundo as súas propias palabras, un chisco “pedante”. María Victoria dedicouse, ademais de aos seus estudos, a axudar (como lectora) a aquel mozo invidente dende os tres anos e que tocaba de oído e marabillosamente o piano e a guitarra. Dende entón ela comezou a traducir libros para a ONCE.

4. Paseo Valle Inclán e avenida do Xeneral Rubín

Continuamos polo paseo Valle Inclán e fíxámonos nos carteis que informan sobre as antigas construcións vinculadas ao Gafos e mais as chamadas de auxilio da corrente soterrada. Por este paseo de nome tan literario⁷ e a súa contorna camiñaba a nosa protagonista cos seus cachorros ata a ponte Taboada (onde se situaría un quiosco no que tiña unha conta para as lambetadas dos nenos e nenas e unha clínica veterinaria xa na avenida do Xeneral Rubín).

Nesta parada aproveitarase para aludir á construción do polígono de Campolongo, ao enterramento do río e a outros cambios sufridos na contorna. Con respecto á primeira,

6 Nesta zona de Campolongo hai dúas rúas dedicadas a grandes músicos: Iglesias Vilarelle e Taboada Nieto.

7 A don Ramón del Valle Inclán atopáremolo noutros puntos do noso percorrido.

a urbanización de Campolongo fora un proxecto do comandante de artillería Bermúdez de Castro sendo alcalde B. Fernández Osorio-Tafall (1933). Aquele era un proxecto moi respectuoso co medio natural (ponte para as ínsuas, bancos, muíños..). Con todo, quedou fallido.

Segundo explica Calros Solla (2014), na alcaldía de Prudencio Landín Carrasco, en 1959, comeza o proxecto urbanizador de Campolongo. A expropiación dos terreos para a construción do polígono seguiu o franquista “Plan Nacional de la Vivienda 1960-1976” e comezou en 1962, ano do traslado do Pazo de Leis a Madrid. En 1966 documéntanse as obras no polígono de vivendas de Campolongo (urbanización do río, novo emprazamento da igrexa de San Xosé e zonas destinadas a parque) e en 1969 a visita ás obras do polígono de Campolongo do Ministro (1300 vivendas, pavimentación da praza de Galicia...).

Durante os anos 1970-71, co goberno municipal de Augusto García Sánchez, consúmase o proxecto urbanístico de Campolongo que supón o solapamento do río “dende a ponte da rúa do Alcalde Hevia ata a ponte da Taboada (540 m de leito fluvial)” e a substitución da “antiga ponte arcada de pedra (5 ou 6 ollos)” por unha de formigón (Solla 2014: 432).



Nas crónicas de Sabino Torres (2014: 42) hai unha comparación entre a reconstrución do paseo feita polo Concello de Pontevedra e o recordo de antano:


Nese tramo de río, no lugar que a urbanización de Campolongo non enterrou, o Concello reconstruíu nos últimos tempos un anaco de río, fermoso, fresco, familiar, alá pola ponte de Tablada, que supón un dos paseos con máis encanto da Boa Vila. Daquela o río discorría entre a estación do ferrocarril e a propiedade do Pazo de Campolongo, cunha exuberante vexetación que ocultaba as augas, onde brincaban as troitas na tardiña.



Recuperamos para este punto un texto de María Victoria Moreno no que reflexiona sobre os ríos e a vida das persoas, reflexión de longa tradición literaria:

Sabemos que tódolos ríos, chegado o seu momento veñen a dar no mar... ¿Saben os ríos que o seu destino é dar no mar? O que non saben os ríos é a color dos ceos que se reflectirán no espello das súas augas o longo do traxecto que os agarda... As persoas sabemos que, coma os ríos, nos encamiñamos dende o nacemento ata as augas tranquilas onde seremos reflexo das estrelas para sempre... Mais non sabemos nada dos avatares que agardan por nós na nosa andaina. Os mortais diferenciámonos dos ríos en que pasámo-lo tempo voando coa mente cara ó futuro, dando vida ás situacións que imaxinamos, respondendo a elas con ilusión ou con medo, condicionando sempre o presente ó que aínda non é chegado. Se fosemos ríos, seríamos caudais de augas tolas que teimarían por pintarse de azul baixo os ceos grises e de gris baixo os ceos azuis... Qué cousa contradictoria o home, que é e non é ó mesmo tempo, que non goza do que ten por ansia do que agarda, que agarda o que non atingirá nunca, que atingue o que nunca imaxinara, que imaxina o que... (Moreno 2004: 165)

Quizais algunha das árbores deste lugar, tan frecuentado por María Victoria e os seus cachorros, lle trouxese á memoria o tempo en que, orfa de pai, inventaba cos seus irmáns mundos novos no pequeno patio que tiñan na parte de atrás da vivenda escolar. Alí había unha amendoeira que eles converteron nunha sorte de Everest. A nena María Victoria participou no invento dos nomes das ramas e as bifurcacións que designaban a maior ou menor dificultade de escalada.

En xullo de 2006, cando se publicou postumamente o seu libro de poemas Elexías de luz, María Victoria segue sen esquecerse dos seus cachorros humanos tal e como indica na dedicatoria da parte que leva por título “Duns folios que foron brancos” (Moreno 2006: 43):





*Para tódolos rapaces e rapazas que descubriron a complicidade dun folio en branco.
Para aqueles que a descubrirán.
Para Pedro.*

Páxinas atrás referimos que a vida de María Victoria está ateigada de historias de amor. Unha das últimas é a que viviu con Pedro Ferriol, hoxe o seu viúvo. O 22 de febreiro de 2004 casou na igrexa de Campolongo e xuntos formaron a sociedade literaria Olmo.

No seu diario da enfermidade, María Victoria revive o contacto epistolar con Pedro Ferriol e o recordo dun encontro previo na cidade de Ferrol con motivo dunha conferencia:

Esta mañá recibín unha carta da miña editorial de Madrid, de Ediciones S. M., con quen publiquei hai anos o que, se cadra, é o meu libro preferido Leonardo e os fontaneiros. (...) O que había dentro non era unha invitación, senón unha carta dun lector –¿un fan?– de Cuba. Non sabía o meu enderezo e escribume á editorial despois de ler Leonardo e os fontaneiros na súa tradución ó castelán. (...)

Quen me escribiu é Pedro Ferriol, un capitán da Mariña Mercante a quen coñecín en Ferrol hai moitos anos, cando era casada, tiña saúde, estaba de bo ver e daba conferencias onde mas pedían. (...)

Hai xa ben días que recibín a carta de Cuba e non a dou contestado. Aínda máis, non dou decidido se a contesto ou non. E a razón é a de sempre, a que se impón sobre todas as miñas decisións, a que ás veces me frea e ás veces me acelera. Eu non son a que era, nin no corpo, nin na alma nin nas miñas expectativas. (Moreno 2004: 54 e 74)

Aínda con respecto á igrexa de Campolongo, a súa instalación estaba decidida no polígono dende os comezos das obras e, no seu tempo, pensouse no traslado dende Silleda do mosteiro de Carboeiro como novo templo para San Xosé de Campolongo. Esta parroquia pasou a acoller fregueses que antes dependían de San Bartolomeu e mais de Salcedo. San Xosé de Campolongo e a Virxe do Camiño (nacidas xuntas na década dos sesenta) convertéronse nas zonas de expansión da cidade.

5. Avenida Augusto García Sánchez, praza de Galicia e subida pola rúa Andrés Muruais

O percorrido pola avenida Augusto García Sánchez ata a praza de Galicia é o momento para explicar que na contorna se situaban as vías e a antiga estación de tren (a nova inaugurárase en Eduardo Pondal en 1966, ao pouco de chegar María Victoria Moreno a Pontevedra).

O vello trazado da estación, construído a finais do século XIX para conectar a capital con Carril e Santiago de Compostela, mantiña tres pasos a nivel (na Caeira, San Roque e Rosalía de Castro) incómodos e perigosos polo que o seu traslado marcaría un fito na historia da cidade do Lérez. Por outra parte, dado que a estación ocupaba as actuais avenida Augusto García Sánchez, praza da Galiza e praza da Constitución (Solla 2014) a instalación tamén se viu afectada pola construción do novo polígono de Campolongo.

A continuación, o roteiro María Victoria Moreno invítanos a subir ata o número 1 da rúa Andrés Muruais⁸, lugar onde se creou, en maio de 1973, un espazo para soñar a liberdade en tempos escuros: a librería Xuntanza. Nove persoas comprometéronse para que o pensamento e a cultura non estivesen aferrollados, aínda que si agochados os libros perseguidos. Estas persoas, tres galegas e seis de fóra, eran María Victoria Moreno, o seu compañeiro José Luis Llácer, Margarita Valderrama, Alfredo Conde, Blanca Varona, Ramón Yuste, Carmen María Echarre, Javier Yuste e Paco Gulías.

Era unha librería peculiar sen caixa rexistradora nin mostrador, mais si unha mesa e dúas butacas (servíanse cafés aos clientes ou aceptábanse os que lles levaban); preparábanse novidosos escaparates (sobre todo o Día das Letras Galegas); convócabase un premio en galego (cun xurado formado por Xesús Alonso Montero, Gonzalo Torrente Ballester, María Victoria e Alfredo Conde).

Xuntanza, ademais de converterse nunha referencia da literatura infantil e xuvenil en Galicia, para os libros prohibidos (publicados fóra de España) estaba en contacto con outras librerías semellantes (dende a librería Antonio Machado de Madrid distribuíanse e pasaban á zona privada de Xuntanza nun caixón). A tenda tamén foi un contraespazo para as relacións con outras persoas empeñadas na resistencia á ditadura. Así, por exemplo, creouse un sistema de venda de libros (a partir dun pedido) co cárcere da Parda de Pontevedra, onde había presos políticos (sobre todo vascos). Aínda resta aludir a outra función da librería, isto é, parladoiro no que conversaban os intelectuais de esquerdas sobre a vida cultural da cidade.

8 Esta rúa merece un pequeno comentario polo seu nome literario. Andrés Muruais Rodríguez (Pontevedra, 1851-1882), ademais de dramaturgo e poeta, foi xornalista (coma o seu irmán Xesús), fundador do semanario *El Independiente* e impulsor da prensa diaria en Galicia.



Como se pode deducir, máis que negocio, a librería Xuntanza era un empeño persoal. Inicialmente os socios facían quendas para atendelo, despois foi necesario contratar unha persoa (Pilar Álvarez, alumna de María Victoria e incondicional amiga). Con todo, os socios eran bos profesionais e malos comerciantes (moita xente tiña unha conta para pagar a prazos e esquecían a débeda) polo que se foron dando de baixa e quedaron unicamente María Victoria e José Luis ata 1976.

Esta historia é un exemplo do entusiasmo co que María Victoria vivía os libros. Vivíase e empeñábase en que os demais tamén puidesen vivilos, mercalos, ter bibliotecas nas escolas... Para ela eran un modo de escorrentar pesares:

A lectura é un deles porque abre portas a mundos descoñecidos, descobre ideas novas, dá temas para a conversa e mesmo esperta o noso sentido crítico ante opinións coas que estamos en desacordo. Amais os autores dos libros son interlocutores que nos falan, mais non nos responden nunca cando nós falamos e iso ten a vantaxe de que non teiman por defender o que din. (Moreno 2004: 100)

Se os libros son importantes, as persoas que os venden mereceron un lugar de honra na poesía de María Victoria. Extraemos un fragmento do “Pregón lido na Feira do Libro de Pontevedra de 2003” (Moreno 2006: 87-88) no que se dirixe aos feirantes libreiros:

*E, xa para rematar / a miña rimada arenga,
quero dicirle(s) ós feirantes / da máis fermosa das feiras
que son a honra da vila / e o orgullo da pregoeira.
Vós non vendedes becerros, / mel, nin queixos, nin ovellas
porque sodes traficantes / dunha droga que sustenta
os espíritos inquietos / e que ennobrece as ideas. (...)
Vós sodes intermediarios / de mercancías sen fronteiras
que achegan o Norte ó Sur, / eruditos a poetas,
místicos a aventureiros, / xente nova a xente vella...
Á fin sodes un anel / desa incesante cadea
que desde que o mundo é mundo / mantén unha luz acesa
para que o libro da vida / sexa alfaia en letra impresa.
Alfaia de poucos euros / mais dunha valía inmensa
porque é guía nos vieiros / interiores das consciencias.*

6. Rúa García Camba, rúa Oliva e praza de San Xosé

A rúa García Camba leva o nome de quen cedeu os terreos que ampliaban unha calella entre a Peregrina e a Oliva. Foi a rúa dos espectáculos porque durante anos estiveron o teatro Malvar e o Coliseum. Relevante é, tamén, o edificio de Correos e, en fronte e en tempos, a librería Seoane (hoxe desaparecida).


No terceiro piso do número 23 da rúa Oliva situábase a Asociación Amigos da Cultura, entidade ao abeiro da cal María Victoria deu cursos de galego non oficiais. Estes cursos de galego, impartidos no seo da sociedade Amigos da Cultura, para X. Alonso Montero (1991: 5) “xa pertencen, lexitimamente, á historia de Pontevedra”.

Foi a partir do curso 1971/72 cando María Victoria comezou a impartir, xunto con Enrique Fernández Barreiro, estes cursos de idioma galego organizados pola asociación Amigos da Cultura de Pontevedra (cuxo presidente era Ramón Barral Andrade). Os cursos desenvolvíanse de maneira altruísta en Pontevedra e en Vilagarcía. Na cidade do Lárez tiñan lugar os martes a partir das 19.30 horas, no local da asociación e os exames celebrábanse no Instituto Feminino. As clases impartíanse, e así o anunciaban na prensa do momento, de acordo coas instrucións do Instituto da Lingua Galega da Universidade de Santiago de Compostela, acabado de nacer, coas normas da Real Academia Galega, a Gramática do profesor R. Carballo Calero e o Dicionario de X. L. Franco Grande.

Achegámonos á praza de San Xosé e recordamos que María Victoria Moreno presentou algún dos seus libros no Café Moderno (café que acubillou parladoiros tan importantes coma o de Castelao). O derradeiro libro presentado pola nosa protagonista foi *Diario da luz e da sombra* (o 13 de decembro de 2004), unhas horas despois de saber que a doenza chegara ao fígado. Mais a súa afouteza non fixo sospeitar aos presentes do seu drama persoal.

Esta praza é popularmente coñecida como “praza dos músicos” polo conxunto escultórico no que só hai un músico (Manuel Quiroga), pois os restantes son, maioritariamente, escritores. Talvez na memoria colectiva quede o recendo dunha anécdota que corroboraría o atinado sobrenome. Contan que, no século XIX, un veciño mercara un dos primeiros gramófonos e, a determinada hora da tardiña, facíao soar no balcón da súa vivenda. A xente afixérase ao seu peculiar costume e xuntábase na praza para gozar do “concerto” e ir aplaudindo cada peza.

Precisamente sobre unha das figuras do conxunto escultórico, Carlos Casares, a nosa protagonista escribiu que *Xoquetes para un tempo prohibido* é unha “novela de clara vontade innovadora que marca a pauta para os autores dos nosos días” (Moreno 1991: 60). Anos despois, cando Carlos Casares creou a colección de literatura infantil Árbore en Galaxia, María Victoria Moreno compartiu con David Otero e Antonio García Teijeiro a dirección da colección.



7. Rúa Marqués de Riestra, as Palmeiras e o IES Valle Inclán

Á altura da rúa Xeneral Gutiérrez Mellado ou antes (rúa Pastor Díaz) torcemos á esquerda para dirixirnos ás Palmeiras e á Alameda. Esta zona tivo, ao longo da historia, diferentes nomes: Campo da Verdade (lugar onde se executaban os reos), Campo das Rodas (lugar onde traballaban os cordeiros coas súas rodas), Campo de San Domingos...

Nas *Crónicas dun tempo escondido*. Pontevedra 1930-1969, Sabino Torres recorda que a Alameda e as Palmeiras eran excelente campo para os seus xogos infantís “arredor da fonte, aquela desaparecida fonte situada preto da vía do tren, onde as rapazas collían auga para as casas que non tiñan traída” (2014: 35). No descanso dos xogos, os rapaces volvían a vista ao río Gafos (coas súas construcións hoxe en desuso como o lavadoiro) e ollaban o campo de San Roque despois de que as mulleres retirasen a roupa do clareo.



As Palmeiras conta cunha grande riqueza botánica (ademais de palmeiras, encóntranse abetos, acivros, alcanfor, aralia, araucarias, butias, camelias, casuarinas, cedros, teixos, tileiros, pradairos, cimbros, magnolios, olmos...) e cunha serie de elementos arquitectónicos. Localizados nos xardíns de Vincenti, dende 1949, un estanque, dous pombais e unha caseta para os patos e outras aves⁹. Nos xardíns de Colón, dende ese mesmo ano, a estatua procedente do pazo de Montero Ríos en Lourizán.

Na Gran Vía de Montero Ríos está a entrada principal do IES Valle Inclán, o máis antigo instituto de Pontevedra cuxa aparencia é boa mostra da arquitectura modernista. Foi proxectado en 1903, pero a magnitude da obra e as dificultades financeiras atrasaron os traballos, de tal maneira que foi inaugurado por Afonso XIII en 1927. Nel foi mestre auxiliar de debuxo Castelao e, entre outros, tamén exerceron o seu maxisterio María Victoria Moreno e Xosé F. Filgueira Valverde.

Xa aludimos en paradas anteriores á relación de María Victoria Moreno co alumnado e á súa preocupación pola lingua galega que non esqueceu durante o seu labor docente, primeiro nos cursos semiclandestinos e logo autorizados. Ese labor de fomento da cultura e da lingua galega foi recoñecido coa concesión dun carné vitalicio na empresa de autobuses Castromil.

9 Ademais da famosa, no seu día, “Mona Chita”.



Para María Victoria Moreno, ser profesora “é unha paixón” (Neira Cruz 1999: 12), por iso a chegada á aula era un “peculiar xeito” “para diluír tensións, para facerme entender dentro dun clima de sosego e para converter o traballo na máis gratificante das actividades cotiás, todo iso débollo a aquel meu xefe do ano 65” (Moreno 2000: 3).

No IES Valle Inclán estivo dando clase moitos anos María Victoria Moreno (véxase o anexo coa selección de datas relevantes). Ela sentíase ante todo MESTRA, por iso escribiu libros de texto e se entregou a espertar na xente nova, non só no seu alumnado, senón entre a rapazada da veciñanza coa que se relacionaba e entre o profesorado, a paixón pola lectura e pola escritura. Tentou facer do seu entusiasmo pola literatura un sarampelo contaxioso. Para ela a literatura é importante porque o son as persoas, os seus destinatarios (como xa vimos, “As persoas estamos feitas para levar adiante os proxectos máis fermosos”, pon en boca de Xulia Andrade, a muller que –en *Anagnórise*– recolle no seu coche un rapaz).

Por outra parte, nas súas clases de literatura castelá sempre buscaba a maneira de introducir a literatura galega e de animar a descubri-la. No seguinte fragmento do diario da enfermidade, María Victoria recorda o ensino doutras materias afíns e o esforzo cando a saúde comeza a faltar:

Cando eu tiña vinte e poucos anos, era loxicamente, a última dos profesores da miña asignatura e víame na obriga de impartir o que se chamaban asignaturas afíns, ou sexa, asignaturas que non eran a miña pero que se entendía que eu debía coñecer pola miña especialidade. Entre elas, a miña preferida era o Latín e podo gabarme de que algunhas promocións de estudantes pontevedreses aprenderon a medir os hexámetros de Virxilio nas miñas clases. (...)

Esta mañá fun ó Instituto –o Instituto dos meus amores– non sen esforzo, non sen vencer estas ganas de deixarme morrer, non sen esta timidez que me produce verme como me vexo. Coa miña cara cor de cinza un pouco pintada, coa miña horrorosa perruca e cos meus quilos de máis mal disimulados baixo unha sobreblusa, cumprín o meu horario coa puntualidade de sempre e puxen as miñas clases coa ledicia que recibo dos alumnos que é moita.

Eu non estou leda, qué lle imos facer, mais os cachorros son bos e ante eles síntome útil. Se cadra é unha parvada, mais na aula véxome coma se estivese nun parque, ó aire libre, nun día de sol, dando de comer ás pombas na miña man. As pombas son febles e teñen os ollos moi vivos. Parécese moito ós alumnos... As pombas reciben de boa gana as frangullas de pan e os alumnos reciben de boa gana as miñas palabras. Sempre me sentín unha privilexiada por ter este traballo e xamais puiden velo en relación co salario que recibo a fin de mes. Ás veces, de broma, adoito dicir que eu, coma as «famosas», vou de festa e cobro por ir. Tamén digo que faço o que me presta facer e que a Xunta de Galicia me paga unha xenerosa subvención para que poida comer, xa que non me queda tempo para traballar. E dou grazas á vida. (Moreno 2004: 56 e 36)

Nun fragmento do poema “Pregón da Feira do Libro de Pontevedra de 2003” (Moreno 2006: 86) manifesta abertamente o seu amor polo alumnado e o seu labor transgresor como mestra:

*Amo, como eles ben saben, / a aqueles nenos e nenas
que foron os meus alumnos / desde os inquietos sesenta
ata estes últimos tempos / de globais impotencias
ante intereses alleos / que globalizan ofensas.
Desde Charo Álvarez Blanco, / ilustrísima académica,
ata Ana Valle Couto, / secretaria desta feira.
Cachorros da miña especie, / de intelixencias espertas,
rebuldeiros e curiosos, / que convertestes en festa
tantas horas de traballo / desta transgresora mestra.*

8. Praza de España, avenida de Santa María e praza de Alonso de Fonseca

Dende a praza de España dirixímonos á avenida de Santa María para deternos na Real Basílica de Santa María, mostra do poder do Gremio de Mareantes cuxas obras comezaron no século XVI sobre unha primitiva igrexa románica.

Se for posible, subimos á torre da basílica e contemplamos as desembocaduras dos ríos Gafos e Lárez. Dende ese miradoiro privilexiado recordamos a Pontevedra mariñeira (aludimos ao barrio mariñeiro das Corvaceiras, á época de esplendor na que se levantou a basílica...).

Case a diario María Victoria seguiu o curso do Gafos dende a avenida de Vigo, abeirando o río, cos seus cans. Quizais na desembocadura agromase Mar adiante e talvez aquí imaxinou o Arroás construído en Portosouril. Quizais as parroquias máis interiores de Pontevedra e a súa ría fosen a inspiración para a creación de Porto Santo, onde está a casa familiar do gran mariño mercante Xosé Miguel Froilán de *Guedellas de seda e liño*.

[Don Xosé Miguel Froilán Calderón de Celas] explorador dos sete mares, amante da poesía petrarquista, galanteador de donas, xa de neno anunciara a súa vocación mariñeira e heroica. Fundara na escola de Porto Santo unha gavela de corsarios, nadadores de elite todos eles, que faltaban ás clases adoito para asediar e toma-los acantilados do pazo, onde o pequeno vinculeiro aseguraba que había unha princesa moura cativa e un tesouro de moedas antigas e pedras preciosas, máis un exército de bandoleiros feroces e ben armados que torturaban á señora e defendían o tesouro. (...)

Profundou gozosamente na súa propia alma, na alma da chuisca e do viño novo, na alma daquel son branco que teimaba por rompe-la brétema, na alma dos devanceiros e na da casa antiga, chea de flores e plantas que cuidaba con primor dona María Xesús Beatriz. Acordáronlle os versos de Antonio Machado e Manuel Antonio, o Canzoniere de Petrarca, o Cemiterio mariño de Paul Valéry, as novelas de Otero Pedrayo e as Églogas de Garcilaso. Encheuse a súa alma de voces antigas e novas nas que se mesturaban os chíos dos paxaros con madonna Laura, Isabel Freyre, Inés de Castro, Guiomar... Così di ben amar proto tormento... Sentíuse o vinculeiro posuidor da palabra e de tódalas cousas que as palabras evocan, e de tódolos lugares onde as palabras chegan e de tódolos tempos nos que as palabras xorden. (...)





Admirou a amorosa harmonía que reinaba na casa, recordou cómo se mofaban del Manolo González e Tito Seixas augurándolle unha moi curta carreira de mariño, sentiu a necesidade de xuntarse con eles en calquera porto do mundo, viviu os seus últimos días de terra apurando a pracer aquel feitizo que nunca antes apreciara e retornou a Marín unha mañá neboenta e doce, na que contaba con remata-los trámites de carga e avituallamento, reunirse coa tripulación e hala-lo ferro cara ó Atlántico, a chaira azul e infinda dos seus soños onde sempre, ás veces magnánimo e ás veces longamente arelado, remataba por saí-lo sol. La mer, la mer toujours recommencée... (Moreno 1999: 17, 24-25)

Pontevedra, co seu mar, podería ser o Porto Santo de *Guedellas de seda e liño* ou Portosouril¹⁰ onde María Victoria Moreno sitúa *Mar adiante* e *A festa no faiado*. Aínda que ela estudou o bacharelato en Barcelona, non foi no Mediterráneo onde descubriu a inmensidade do mar, senón no Atlántico galego de Valdoviño coa súa tía Conchita.

O mar volve estar presente neste poema incluído en *Elexías de luz* (Moreno 2006: 77) no que se manifesta a preocupación de María Victoria Moreno pola natureza tralo desastre do Prestige:

*Rolaba a voz da morte a nosa casa
alevemente oculta entre rumores
e o trasfego de barcos predadores
era o agoiro do mal que morde e pasa.*

*Coma abafado ruín que o mar abrasa
e que racha a maruxe en estereos,
oculta entre perfidias de traidores
roldaba a voz da morte a nosa casa.*

*Nun silencio de sombra e agonía
ronseis iridiscentes descoraron
en lúgubres estelas na ardentía.*

*E nun fulgor de laparada escura
aves de escuma inertes afoğaron
nun salaio de medo e de tristura.*

¡Nunca Máis!

10 Como son Pontevedra o Castroforte de Baralla en G. Torrente Ballester, a Vilanova de Alba en Víctor F. Freixanes, a Boapedre en X. Vázquez Pintor...

Baixada pola rúa Dona Tareixa, parada no Teatro Principal e Casino

Seguimos, máis unha vez, o estudo de C. Solla (2014: 170) para descubrir a historia do que hoxe son Teatro Principal e Casino e as mudanzas provocadas pola historia:

O edificio Teatro Liceo (ou Liceo Teatro), promovido pola Sociedade Liceo Casino inaugurouse en 1878. Construíuse (dende 1864) encol dos alicerces do desaparecido templo de San Bartolomeu o Vello (derrubado en 1842-44), reutilizándose na obra parte da pedra obtida da derruba, en 1873, das Torres Arcebispais. Concluídas as obras, a Sociedade do Liceo perde a propiedade do teatro e pasa a xestionar só as instalacións do seu local social (contiguas). (...) Dende o ano 1906, pasou a denominarse Teatro Principal. En 1980, un pavoroso incendio arruinou o inmóbel. Dezasete anos despois, renacería das súas cinzas.

Moi preto, á esquerda mirando de fronte á escalinata do Casino, está a rúa Manuel Quiroga en honra ao músico. Á dereita, o edificio que albergou a sede do Partido Galeguista, moi preto, a praza do Teucro e a lenda...

Esta parada no percorrido permítenos recordar o labor de María Victoria como conferenciante que disertou en tempos de ditadura. En efecto, o 20 de xaneiro de 1973, neste Casino de Pontevedra, María Victoria Moreno impartiu a conferencia “Galicia vista e sentida por Federico García Lorca”. Recordemos que García Lorca, nacido en Granada, escribiu seis poemas na nosa lingua e María Victoria quería que todos os galegos e todas as galegas o soubésemos. Os xornais recollen noticias do acto. Así, no *Faro de Vigo* (23/01/1973), Manuel Trigo Díaz resalta que a conferenciante “veña eiquí falando coa mesma fala daquela trobadora que levou na fronte unha estrela e no bico un cantar”, en referencia a Rosalía. Era a primeira vez que unha muller daba unha conferencia e resaltan nestas páxinas o seu galego “depurado, expresivo e sonoro”, o éxito de público, os aplausos efusivos... María Victoria falou das voces máis fondas do noso pobo e da terra, e dos poetas que, coma Lorca, as souberon recoller. En *El Correo Gallego* (24/01/1973) subliñan que María Victoria, sen ser natural de Galicia, era unha auténtica namorada dela.

Sobre Lorca, como poeta galego, volvería falar na Escola de Verán de Pontevedra en 1981, convidada por X. Alonso Montero (2015). Ademais de disertar sobre o poeta granadino, a poesía de María Victoria Moreno (2006: 86) recupera a Federico García Lorca, ao lado de Cervantes e Miguel Hernández, e alude á censura:

*Con Cervantes, Federico / e Miguel o de Orihuela
faleivos da liberdade / e, contra vento e marea,
enfrenteime coa censura / para dicirvos que era
un dereito inalienable / falar na lingua galega.
E vós sempre respondestes / con amor e intelixencia.*

10. Praza do Teucro, rúa Real, rúa Marqués de Aranda, rúa da Palma, praza de Méndez Núñez, rúa Sarmiento

Atravesamos, sen deternos máis que o imprescindible, a praza do Teucro, baixamos pola rúa Real, torcemos pola rúa Marqués de Aranda, baixamos a rúa da Palma e, dende a praza de Méndez Núñez, encamiñámonos ata a rúa Sarmiento. Mentres, non esquecemos sinalar a imprenta Peón na praza do Teucro (onde se imprimiu *Os vellos non deben de namorarse*), contamos algo da lenda de Teucro, aludimos a Sarmiento na rúa da Palma e aos grandes navegantes de Pontevedra na praza de Méndez Núñez.

Na rúa Sarmiento, fixémonos no actual edificio homónimo que pertence ao Museo de Pontevedra e onde estivo situado o Fogar Provincial, centro de acollida de nenos e nenas de familias con problemas. O Fogar Provincial antes de situarse nese punto tivera outras localizacións: o Hospicio de Pontevedra (creado en 1853) estivo no edificio do ex-convento de San Domingos, no convento de Santa Clara (de 1869 a 1876), de novo en San Domingos ata chegar ao antigo colexio dos xesuítas e actual edificio Sarmiento (de 1903 a 1978).

Esta parada permítenos contar outra historia de amor de María Victoria Moreno: unha nena e un neno adoptados naquela Pontevedra que, en 1974, lle retirara o pasaporte. Difíciles, pero cheos de esperanza, deberon ser aqueles anos!

María Victoria entrou, acompañada dunha monxa, para visitar aqueles rapaciños e rapaciñas do Fogar Provincial e axiña se fixou nunha nena que a engaiolou dende o primeiro momento. Begoña falaba nun delicioso galego e aquela cativa tan doce, de catro anos apenas, pareceulle a nena máis fermosa do mundo, tantas veces soñada. Xa publicara *Mar adiante* cando comezou cos trámites de adopción da nena e de seu irmán Carlos. Na segunda edición de 1986 inclúe unha dedicatoria a xeito de poema na que convida os lectores e lectoras a embarcárense no Arroás, o barco escola, mais pídelles “permiso” para dedicarllo a Begoña, a súa nena.


Ademais de xenerosidade, María Victoria Moreno sempre mostrou preocupación polos máis desfavorecidos, fosen persoas ou animais, e así o reflectiu na súa literatura. No xénero poético, textos como “Fala un mendigo ó seu can” ou “Entre a grea” son unha boa mostra. Seleccionamos o primeiro que recolle a voz poética dun mendigo (Moreno 2006: 63):

*Eu vin a luz de Deus na túa ollada
e vin faíscas do saber enteiro,
eu vin o amor resolto en doce abeiro
e vin a paz da alma sosegada.*

*Fuches doce compañia namorada
nas esgrevias quebradas do carreiro,
cando o teu corpo, mol e rebuldeiro,
me arroupaba nas noites de xeadá.*

*Xuntos andamos, xuntos percorrímos
—eu con farrapos, ti con pel brillante—
as veigas doces e os esquivos montes.*

*Xuntos estamos, xuntos compartimos
—eu o cansazo, ti no gozo errante—
a liberdade azul dos horizontes.*





Praza da Ferrería

Subimos a rúa Pasantería, onde está o edificio principal do Museo de Pontevedra e súa biblioteca, ata a praza da Ferrería. Esta é a praza por antonomasia de Pontevedra ao longo do tempo, razón pola que mudou a súa denominación tradicional consonte os tempos históricos e os acontecementos políticos.

Desde que comezou a configurarse no século XIV, a praza evolucionou co tempo e as mudanzas económicas, sociais, urbanísticas e políticas. Así foi lugar de traballo dos ferreiros, feira, entrada e saída de camiños, lugar de lecer e festas, comercio...

Ata o século XV a praza era soamente un eirado de reducidas dimensións, pero, coa ampliación da muralla e coa instalación da fonte, axiña vai gañar en amplitude. A mediados do século XVIII apréciase unha notable diminución do caudal de auga que chegaba ás fontes da Ferraría e Feira Vella (XVI) e descóbrese que os frades a desviaban ao convento. No século XIX decídese mudar a fonte de lugar. Felizmente, en 1929 apróbbase o proxecto de construción de xardíns no *parterre* e reinstalación da antiga fonte da Ferraría que fora salvada pola Sociedade Arqueolóxica e conservada nas ruínas de San Domingos. Os edificios da praza tamén foron cambiando sexa por restauración, ampliación ou adición de plantas (Carabela, Savoy, sindicatos...).


Outra fonte protagonizou unha anécdota da vida de María Victoria. En efecto, onda unha pequena fonte, no patio da casa de Badaxoz, na que María Victoria viviu apenas cumprido o primeiro ano de vida, gravou o primeiro recordo de infancia esta pontevedresa que naceu en Valencia de Alcántara (Cáceres) en maio de 1939. En 1992 escribe en terceira persoa sobre si mesma ao revés do que debeu acontecer: María Victoria recibiu un baño involuntario ao caer no diminuto estanque empuxada pola pequena Sara.

Nas inmediacións desta praza hai outros espazos de sociabilidade nos que María Victoria se xuntaba cos amigos (Taberna de Félix, El Central, Savoy...). No seu diario da enfermidade refírese a unha desas noites de encontro na que pasea pola Ferrería:

Onte á noite leváronme os titos e cear e volvíñ para a casa ás tantas, con moito viño dentro do corpo e moita luz dentro do corazón. Non sei qué podería facer eu por esta xente que sempre está aí, que me coida, que me escoita, que me fai sentir a súa compañía tanto se están presentes coma se andan nas súas anqueiras e eu nas miñas, cada un polo seu lado. (...)

Leváronme a un restaurante bonito onde, amais de boa comida, había un ambiente agradable de mesas ben postas e servizo esmerado. Estiveron todos os catro pendentos de min e era moi de agradecer que non buscaban na carta o que podía apetecerlles a eles senón o que pensaban que podía apetecerme a min. (...)

Qué bonita era a noite, qué fermosa estaba a Ferrería, que ledó aquel paseo con Nenuca, Rosi, Tito e Manolo... (Moreno 2004: 49)



Rematamos a nosa camiñada pola Pontevedra de María Victoria Moreno cun fragmento do pregón en verso que nesta praza pronunciou no ano 2003 para a Feira do Libro. Ese pregón, recollido no libro de poemas póstumo *Elexías de luz*, é unha declaración de amor á cidade de Pontevedra e á súa xente:


*Na praza da Ferrería / da vila de Pontevedra
inaugurades, amigos, / a máis fermosa das feiras.
Cadroume a min este ano / se-la vosa pregoeira
e sinto o máis fondo orgullo / que imaxinar eu puidera.*

*Sinto orgullo pola vila, / a quen ameí desde nena,
e amo máis cada día / conforme me fago vella.
Amo os ceos anubrados / que parece que se achegan
a escoita-las nosas voces / e a compartir confidencias.
Amo a choiva dos outonos, / a máis fermosa da terra,
cando estala nos cristais / en xentil soño de estrelas,
cando xeme nos lousados, / cando teima contra as pedras
e mesmo cando proclama / ante nós esa firmeza
que lle vén de alén os mares, / onde a luz casa coas tebras.
Amo, como aman as pombas, / os días de primavera,
con amenceres cantores, / solpores de ouro e violeta
e praciñas ateigadas / de meniños e camelias.
Amo a xente desta vila / porque é xenerosa e leda,
e sabe ser solidaria / e tamén rir de si mesma.
Porque mantén un orgullo / feito de pedra e camelia.
Porque é crítica ante o abuso / e sensible ante a beleza.
¿Que man de santo tocou / a xente de Pontevedra? (Moreno 2006: 83-84)*




Itinerario II (posibles puntos para un itinerario reducido)

1. Avenida de Vigo
2. San Pedro Alcántara
3. Igrexias Vilarelle e parque da Constitución
4. Praza de Galicia e rúa Andrés Muruais
5. Rúa García Camba e rúa da Oliva
6. Rúa Marqués de Riestra (San Domingos e IES Valle Inclán)
7. Praza de España, rúa Bastida (Teatro Principal e Casino)
8. Rúa Manuel Quiroga e soportais
9. Praza da Ferrería



Itinerario III (posibles puntos para un itinerario ampliado)

1. Continuar dende a avenida de Vigo ata o IES Torrente Ballester e visitar a biblioteca que María Victoria Moreno doou.
2. Ampliar o descubrimento do río Gafos, pola zona do Gorgullón, como lugar de paseo de María Victoria Moreno e Pedro Ferriol cos seus cans e cadelas.
3. Pasear pola rúa, recentemente bautizada, María Victoria Moreno (ata 2018 era a rúa Fernández Ladreda) e comprobar outros espazos de sociabilidade de María Victoria coas amizades (La Tasca)
4. Achegarse ata o Parador de Pontevedra, pois foi outro espazo de sociabilidade de María Victoria Moreno.



ANEXOS

Selección de datas relevantes para a historia e para a protagonista destas camiñadas.

Ano	María Victoria Moreno	Galicia e o mundo
1939	Nace o 1 de maio en Valencia de Alcántara (Cáceres), primeira de tres irmáns.	Remata a Guerra Civil española.
1947	Viaxa a Galicia, Valdoviño, coa súa tía Conchita.	O réxime de Franco acentúa a súa ofensiva contra a resistencia antifranquista cun decreto lei.
1958	Inicia os estudos de Filoxía Románica en Madrid e coñece ao seu futuro compañeiro, José Luis Llácer	Anos de formación do grupo Brais Pinto en Madrid.
1963	Remata os seus estudos, casa e vén vivir a Galicia. Docente interina no Instituto Feminino de Pontevedra.	A Real Academia Galega crea o Día das Letras Galegas. Créase o Consello da Mocidade.
1965	Aproba as oposicións de lingua e literatura. Imparte docencia no Instituto Masculino de Lugo.	Dende o ano anterior comezan os conflitos campesiños en Galicia (Castrelo de Miño). Neste ano foi abatido o último guerrilleiro galego, Xosé Castro Veiga, “o Piloto”.
1967	Docencia no Instituto Feminino de Pontevedra (actual IES Valle Inclán) ata 1986	Dous anos despois é decretado o estado de excepción en España.
1973 a 1975	Comeza os trámites de adopción de Beñoña e Carlos (formais en 1975).	Morre Franco. Dende o ano anterior comeza a conflitividade obreira (Ferrol e Vigo). Xorden as Comisións Labregas e o Sindicato Obreiro Galego que dará lugar, anos despois, á ANPG Revolución dos Caraveis en Portugal.

1979	Catedrática de Instituto con destino en Ribadavia. Pide a excedencia.	Iníciáanse os traballos para a elaboración do anteproxecto do Estatuto de Autonomía. Anos antes, en 1977, comezara o proceso autonómico e as manifestacións de protesta pola lentitude do proxecto.
1983	Sara Márquez, súa nai, vai vivir con María Victoria.	Apróbase a Lei de normalización lingüística. Dous anos antes (1981) aprobárase o Estatuto de Autonomía.
1986	Reingresa como catedrática no instituto de Vilalonga (Sanxenxo).	Goberno de Xerardo Fernández Albor na Xunta de Galicia. <i>Bota a andar a <i>Revista Galega de Educación</i>.</i> Un ano antes nacíaa Compañía de Radio Televisión de Galicia.
1987	Vai na lista electoral do PSG por Pontevedra.	En setembro dese ano González Laxe preside a Xunta de Galicia. A dirección de RTVE limita a programación do centro territorial galego a 2 horas.
1990	Docencia no Instituto Mixto número 5 (Torrente Ballester) de Pontevedra.	Manuel Fraga preside a Xunta de Galicia ata xuño de 2005.
1997	Diagnóstícanlle o cancro de mama. O ano anterior falecera o seu compañeiro.	Eleccións ao Parlamento de Galicia con maioría de M. Fraga.
2002	Homenaxe dos compañeiros do instituto Torrente Ballester no que se xubila.	Marea negra do Prestige.
2005	Morre o 22 de novembro (un ano antes comunícanlle a extensión da doenza).	Emilio Pérez Touriño é investido presidente da Xunta.

SELECCIÓN BIBLIOGRÁFICA¹¹

Monografías e revistas

Acuña, Xosé Enrique (1997): *Pontevedra vellas imaxes a través das tarxetas postais*. Pontevedra: Deputación de Pontevedra.

Alonso Montero, Xesús (1991): “Presentación á primeira edición” en *Mar adiante*, pp. 5-6.

Alonso Montero, Xesús (2015): “E unha nota introdutoria non innecesaria” en *Madrygal. Revista de Estudos Gallegos*, 18, pp. 163-164.

Alonso Montero, Xesús / Xosé M. Salgado (1994): *Poetas alófonos en lingua galega. Actas do I Congreso*. Vigo: Galaxia.

Casalderrey, Fina / Marilar Aleixandre (2018): *María Victoria Moreno: A muller que durmía pouco e soñaba moito*. Vigo: Xerais.

Gurriarán, Ricardo (coord.) (2012): *Un canto e unha luz na noite. Asociacionismo cultural en Galicia (1961-1975)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega.

Juega Puig, Juan (2000): *As rúas de Pontevedra*. Pontevedra: Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra.

Moreno, María Victoria (1973): *Mar adiante*. Sada: Edicións do Castro.

Moreno, María Victoria (1988): *Anagnórise*. Vigo: Galaxia.

Moreno, María Victoria (1991): *Verso e prosa*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia.

Moreno, María Victoria (1992): “M.V.M., una profesora feliz de serlo” en *Cuadernos de Literatura Infantil y Juvenil* 41, pp. 48-50.

Moreno, María Victoria (1994): “Escritora alófona eu?” en *Poetas alófonos en lingua galega. Actas do I Congreso*. Vigo: Galaxia, pp. 107-111.

Moreno, María Victoria (1999): *Guedellas de seda e liño*. Vigo: Galaxia.

Moreno, María Victoria (2000): “O mestre das palabras” en *La Voz de Galicia*, 22 de febreiro, suplemento Culturas, pp. 2-3.

Moreno, María Victoria (2004): *Diario da luz e da sombra*. Vigo: Xerais.

11 Nesta bibliografía referénciase só a obra de María Victoria Moreno da que se extraen fragmentos (para profundar na bibliografía de María Victoria Moreno, remitimos ao estudo de Casalderrey e Aleixandre). Ademais inclúense algunhas das publicacións consultadas para coñecer Pontevedra.

Moreno, María Victoria (2006): *Elexías de luz*. Vigo: Xerais.

Neira Cruz, X. (1999): “María Victoria Moreno. «Estou a escribir contrarreloxo». Entrevista” en *Fadamorgana*, 3, pp. 12-16.

Ribeiro Tobío, Elvira (2008): *Descubrir Pontevedra*. Pontevedra: Edicións do Cumio.

Solla, Calros (2009): *Andar primeiro de río. Inmateriais do río dos Gafos. Toponimia, fraseoloxía, cantigueiro, refraneiro e adiviñanceiro do río*. Pontevedra: Concello de Pontevedra.

Solla, Calros (2014): *O río da memoria. Cartafol do río dos Gafos (1745-1970)*. Cangas: Morgante.

Torres, Sabino (2014): *Crónicas dun tempo escondido. Pontevedra 1930-1960*. Vigo: Galaxia.

Villares, Ramón (2012): “Un abrente da cultura” en *Un canto e unha luz na noite. Asociaciónismo cultural en Galicia (1961-1975)*. Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega, pp. 7-9.


Prensa periódica

El Correo Gallego 24/01/1973

El Progreso 15/04/1974

Faro de Vigo, 23/01/1973

Faro de Vigo, 29/01/2000





CONCELLO DE
PONTEVEDRA

Maria V. Moreno
— AÑO
MARÍA VICTORIA
PONTEVEDRA 2018 MORENO